



Aforro para a xubilación

Departamento de Economía

IES Fontexería

Estímase que unha persoa cun soldo duns 20.000 euros brutos, que é un salario medio, terá unha pensión pública de xubilación equivalente aos 800 euros mensuais.

Para manter o seu nivel de gasto, necesitará aforrar uns 100.000 euros, o que lle permitiría contar cunha **renda mensual extra** na xubilación de 274 euros para os homes e 245 euros ao mes no caso das mulleres (simulación efectuada cunha estimación de IPC do 3% anual e unha esperanza de vida de 87 anos no home e 90 na muller).

¿Como conseguir ese aforro?

Plans ou Seguros de Xubilación

Plans e Fondos de Pensións


Plans de Previsión Asegurados (PPA)

Plans individuais de aforro sistemático (PIAS)



Plans ou Seguros de Xubilación

- Clasifícanse legalmente como unha modalidade do seguro de vida.
- Os plans de xubilación poden ter o seu vencemento en **calquera data e pódense rescatar**.
- A prestación será sempre **en forma de capital**, consistente nun pagamento único pactado ao contratar o seguro: rendibilidade coñecida.
- As primas achegadas non deducen na cota do IRPF.
- As prestacións obtidas estarán suxeitas a IRPF, como rendementos do capital mobiliario, ao tipo do **18%**.




Plans e Fondos de Pensións

- Contrato polo que se paga un capital ou unha renda **cando o partícipe cumpra a idade de xubilación**. Non son un contrato de seguros.
- Un fondo de pensións acumula as achegas de partícipes e promotores (por exemplo unha empresa aos seus empregados) e as rendas orixinadas por inverter as devanditas achegas.
- Cada fondo está administrado por unha **sociedade xestora**, que pode ser unha S.A. ou unha compañía de seguros autorizada en seguros de vida. A custodia dos valores en que se inviste o diñeiro dos fondos corresponderá a unha **entidade de depósito**.
- **Non se garante rendibilidade**, podes perder o diñeiro investido. En ocasións, para facer máis atractivo un Plan de Pensións, contratan un seguro para garantir unha rendibilidade mínima.
- As achegas **desgravan** no IRPF.
- O capital ou renda recibido á xubilación, súmase aos demais ingresos no IRPF como **rendemento do traballo**.



Plans de Previsión Asegurados (PPA)

- Dende o ano 2000.
- Son **seguros de vida** que teñen as vantaxes fiscais dos plans de pensións. Xunta os beneficios de ambos os dous.
- As entidades están obrigadas a **garantir un tipo de interese**, co que, neste caso, non hai posibilidade de perder capital.
- Ademais, rexistran a mesma fiscalidade dos plans de pensións.
- Hai que **esperar a xubilarse** para cobrar o aforrado, non se rescatan.
- Cobraranse en forma de capital ou de renda.
- O máis común é que este tipo de seguros ofrezan rendibilidades similares á débeda pública.



Plans individuais de aforro sistemático (PIAS)

- Dende o ano 2007.
- Son seguros, pero aínda que non están obrigados por lei, adoitan garantir unha rendibilidade mínima.
- As achegas **non desgravan** no IRPF.
- Pódese dispoñer do aforro en calquera momento, pero se **transcorren 10 anos** dende a primeira achega, hai importantes reducións no IRPF.
- Ofrecen maior rendibilidade que os PPA.

